

## Piden investigar a empresa dunha ex-cargo do PP polas deficiencias no novo hospital de Vigo.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 21 Agosto 2015 18:47

---



**Pingueiras, pequenas inundacións, e mesmo unha parte dun falso teito desplomada sobre unha paciente.** Son algunhas das deficiencias que amosou nas súas primeiras semanas de funcionamento o novo hospital de Vigo, aberto parcialmente este verán e visitado ata a sociedade por cargos da Xunta nas vésperas das eleccións municipais.

Os problemas no edificio súmanse á indignación xerada por algunhas das súas 'novidades', como o aparcadoiro que obriga a pagar aos doentes e parte do persoal. Neste contexto, entre o persoal e a oposición parlamentaria multiplícanse as voces que esixen responsabilidades e unha investigación apuntando á Xunta, pero tamén a unha empresa xestionada por unha ex-cargo do PP.

É, nomeadamente, a voceira sanitaria do PSdeG, Carmen Acuña, quen pon o foco sobre **Efficientia Clinical Management, unha compañía xestionada de maneira "unipersonal", subliñan, por Ana Sánchez, antiga directora médica do Meixoeiro de Vigo** que desempeñou diversas responsabilidades nos gobernos populares da Comunidade de Madrid, entre eles a viceconsellería de Asistencia Sanitaria.

Dentro do novo complexo hospitalario, promovido polo sistema público-privado, **o Sergas encomendoulle en maio de 2011 á empresa pública Galaria a posta en marcha da Oficina Técnica de Seguimento do hospital. Pouco despois, Galaria privatizou este servizo nas mans de Efficientia, constituída a comezos dese mesmo 2011.**

Despois de que, durante estes anos, a empresa da antiga dirixente do PP fose a encargada de xestionar diversas operacións de privatización sanitaria en administracións dirixidas polo seu partido -tal e como amosa a propia compañía baixo o epígrafe "fitos profesionais"-, os socialistas ven clara a "explicación" aos "recortes sufridos polo novo hospital de Vigo". Son, lamentan, "iguais aos aplicados anteriormente pola persoas responsable agora de Efficientia Clinical Management cando tivo responsabilidades na sanidade madrileña". "Sempre o mesmo modelo: privatización de recursos, laboralización do persoal e copago por parte dos pacientes, tal e como ela mesma [Ana Sánchez] recomendou nunha Comisión do Congreso dos Deputados", resalta Acuña.

A xuízo de Acuña non é posible desligar a xestión desta empresa dos "importantes recortes" aplicados pola Xunta ao proxecto inicial do hospital "para abaratar gastos á concesionaria privada" en ámbitos como o número de camas, de quirófanos ou salas de radioloxía, "ademais do empeoramento na calidade dos materiais de construción e a perda de eficiencia enerxética". Neste contexto, a parlamentaria socialista vén de presentar unha batería de preguntas parlamentarias para tentar aclarar a situación do hospital nun contexto no que, ademais, chama o Goberno a considerar se "sería necesaria e oportuna, en aras a cumprir coa lei de transparencia e o código ético do presidente Feijóo, a creación dunha Comisión de Investigación para tratar de aclarar as sospeitas e calmar a crispación profesional e social creada ante as irregularidades detectadas na construción e coa privatización e recortes do novo hospital privado de Vigo".

### **Nova denuncia na Inspección de Traballo**

A petición de explicacións do PSdeG cadrou no tempo coa presentación dunha nova denuncia ante a Inpección de Traballo de Vigo a respecto do hospital por parte da CIG-Saúde. O sindicato observa "cinco situacións de risco" para persoal e doentes, "a maioría" ligadas ao "deseño estrutural" do complexo, "no que non se tiveron en conta as opinións dos e das profesionais". Isto, reprochan, dá lugar a que, por exemplo, exista "falta de ventilación" ou a que haxa que xestionar a "mala decisión de situar no interior do hospital a almacenaxe de produtos tóxicos".

Concretamente, a CIG considera que no novo hospital vulnérase a normativa vixente en materia de accesibilidade de persoas con discapacidade a causa dos bolardos instalados na súa contorna. Ademais, advirten, o Sergas obvia a "gravidade que supón a falta de sinalización de evacuación" e dun plan ao respecto. Do mesmo xeito, denuncian que "a distancia aos

## **Piden investigar a empresa dunha ex-cargo do PP polas deficiencias no novo hospital de Vigo.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 21 Agosto 2015 18:47

---

tanques externos de subministro de nitróxeno líquido é moito maior da recomendada por calquera normativa e o risco de fugas tamén é maior. Por último, alertan da "falta de ventilación onde se almacenan produtos tóxicos, como no servizo de anatomía patolóxica, e a mala construción do laboratorio de resposta hospitalaria, que "vulnera principios de protección e seguridade biolóxica do persoal".

Artigo do medio colaborador [Praza Pública](#)